



BORRADOR RESUMO DA ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2010

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno, baixo a presidencia do Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día previamente circulada para o efecto, segundo figura no [anexo I](#).

Xustificaron en tempo e forma a súa ausencia o Sres. Manuel Casteleiro, Daniel Pena Agra, Xurxo Dopico, Manuel Reyes Hurtado e Xulio Ferreiro.

1. Informe do reitor

Comprobado o quórum legal para a válida constitución do Consello de Goberno, o reitor abre a sesión e comeza informando da sinatura de dous convenios de colaboración coas universidades de Adelaida e Dhaka, impulsado pola Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, na liña de incrementar a internacionalización da UDC.

Así mesmo, dáse conta do nomeamento de Julio Abalde, catedrático de Microbioloxía, como comisionado da UDC para o Campus de Excelencia Internacional, e da interposición do recurso contencioso-administrativo, con petición de suspensión cautelar, do Decreto 150/2010, do 16 de setembro, que aprobou a implantación do Mestrado de Enxeñaría Industrial do Campus de Lugo.

O reitor lamenta o pasamento de Ramón Rodilla antes de cederlle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, que informa de que a Xunta de Galicia anunciou un orzamento para o SUG en 2011 que supón unha rebaixa de en torno ao 5% respecto do de 2010. A data de hoxe aínda non está pechada a distribución de fondos entre as universidades, nin a evolución futura do financiamento.

Na negociación do Plano de Financiamento incorporouse a esixencia por parte da Xunta de Galicia de Planos de Sustentabilidade financeira ás universidades. O 18 de novembro preséntanse ao Claustro as Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013 en que se deberá basear ese Plano.

Desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9.ª2 do Orzamento, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica



imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2009 por importe de 6.837,39 euros no expediente V-10, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 5 de novembro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2010 por importe de 415.115,96 euros no expediente C-10.

O vicerreitor de Ferrol e Relacións Universidade-Empresa toma a palabra para informar que o Ministerio de Ciencia e Innovación lle concedeu unha axuda á UDC dentro do subprograma de Apoio á función transferencia en Centros de Investigación, para desenvolver o proxecto do plan estratéxico de transferencia da UDC.

Esta axuda permitirá que se incorporen á OTRI dúas persoas desde novembro de 2010 ata marzo de 2012 co obxectivo de apoiar os labores de transferencia de I+D que se están a levar a cabo desde a OTRI: estruturación comercial dos grupos de investigación, panel de tecnoloxías INTEC, procura de socios proxectos I+D, creación de empresas de base tecnolóxica etc. Neste momento foron xa seleccionados dous técnicos entre as 42 solicitudes presentadas e están a formalizar os contratos. Está considerada unha segunda fase deste proxecto desde abril de 2012 a marzo de 2014, mais a subvención por parte do Ministerio está condicionada á consecución dos obxectivos propostos na primeira fase: aumento do número de solicitudes de patentes nacionais e internacionais, empresas de base tecnolóxica creadas, número de contratos de I+D+i asinados e volume económico destes etc...

Por outra parte, sinala o vicerreitor que o 10 de novembro a Comisión de Avaliación das Empresas de Base Tecnolóxica do Viveiro da UDC, entre as cinco solicitudes presentadas nesta convocatoria, decidiu avaliar positivamente os proxectos empresariais denominados:

- GARUME, promovida por PDI de CIT-Ferrol, que ten por obxectivo desenvolver uns produtos químicos comercializables mediante unha tecnoloxía que constitúe en si mesma un produto comercializable. Os materiais utilizaranse para absorción selectiva, retención, absorción e concentración de diversos compostos para realización de análises químicas.
- HUMIGAL, promovida por PDI da Facultade de Ciencias, que ten por obxectivo desenvolver un servizo comercializable introducindo unha novidade en procesos de depuración de augas baseados na utilización de dixestores anaeróbicos e humidais.



- AVANSIG, promovida por estudantes de doutoramento da Facultade de Informática, que proxectan desenvolvemento de software e de consultoría cunha certa novidade, a xuízo dos avaliadores externos especializados no que é software libre Open Gis.

A primeira iniciativa GARUME non solicitou espazo no viveiro, senón todo o resto de servizos de apoio e mais o recoñecemento de empresa de base tecnolóxica da UDC. Polo que os espazos foron asignados a HUMIGAL e AVANSIG.

Relativo ao campus de Ferrol, o vicerreitor informou de que, segundo o regulamento da Cátedra Jorge Juan –promovida pola Armada e a UDC– se fixo o cambio de dirección desta: cesou como directora a profesora Carmen Pérez Pais, e foi nomeado director o capitán de navío David Rodríguez López, que ademais é licenciado en Humanidades pola UDC. A primeira conferencia deste curso tivo lugar o pasado 11 de novembro e foi impartida polo Presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijoo.

Ademais, tal e como comunicou o Concello á UDC, o PERI de Sánchez Aguilera atópase na fase administrativa final, o que significa que a partir de xaneiro o Concello disporá formalmente dos terreos e polo tanto se procederá a facer o convenio de cesión a UDC para a posta en marcha da residencia universitaria no espazo sinalado no PERI, que son tres construcións que se van rehabilitar utilizadas no antigo cuartel para diferentes usos.

Por último, comunica que durante os días 24, 25 e 26 de novembro se realizará a *III Feira Europea de Emprego* que este ano terá un formato virtual, a plataforma virtual estará dispoñible durante unha semana a partir do 24. O primeiro día 24 haberá diversos actos presenciais: acto de inauguración co Reitor, co Presidente do Consello Social, co Presidente da Deputación da Coruña e a Consellería de Traballo, tamén unha conferencia inaugural, diferentes talleres orientados a emprendedoría e mais un programa de radio. Este ano a sede será a Facultade de Socioloxía. O resto serán actividades que se levarán a cabo desde a plataforma virtual, a que se accederá a través de tres enderezos:

www.feriaeuropadeempleo.eu

www.feiraeuropeadeemplego.eu

www.europeanjobfair.eu



Estase a difundir a feira nestes momentos moi especialmente a través das redes sociais. Pódese ver unha DEMO en www.feriavirtualupm.com/DEMO

Por último, o vicerreitor convida a todo o mundo a participar e moi especialmente os estudantes que o ano pasado acudiron máis de 6.000 e deixaron case 4.000 currículos ás 38 empresas expositoras que acudiron.

A vicerreitora de Estudantes e RRII dá conta da concesión de bolsas de colaboración cos departamentos, e sinala que hoxe está a celebrarse a 3.^a Feira de Asociacións de estudantes da UDC na Facultade de Socioloxía e o Día do Deporte.

A vicerreitora de Investigación informa da dimisión de dous membros do Comité de Ética, e o nomeamento de Juan Ferreiro Galguera e Ana González Tizón, así como dos membros da Comisión de Usuarios do SAI que figuran no [anexo II](#)

A vicerreitora informa da reunión do Comité Executivo da Sectorial de I+D da CRUE co Director Xeral de Política Científica do Ministerio de Educación, destacando os seguintes aspectos:

a) Sexenios de transferencia e innovación. Estes sexenios, máis coñecidos como “sexenio tecnolóxico” convocaranse dentro da convocatoria ordinaria de sexenios creando un novo campo (campo 0). Os criterios de recoñecemento basearase na calidade contrastada dos resultados de transferencia (por exemplo, patentes en explotación) Só poderán ser solicitados polo personal que poda solicitar sexenios de investigación. Se ben poden ser pedidos ambos, en caso de concesión de ambos só un terá efectos económicos. O sexenio tecnolóxico só se pode solicitar para os 6 últimos anos sen retroactividade. Será avaliados pola CNEAI, cunha comisión específica máis ampla que as restantes (10 persoas). O número máximo de sexenios totais seguirán a ser 6.

b) Becas FPU. Cada vez hai máis solicitudes que non presentan axeitadamente a documentación (un 55% na última convocatoria), non só por parte do solicitante, senón das institucións, o que provoca importantes retrasos en la resolución. Por todo isto, o Ministerio anunciou a intención de modificar a convocatoria deste ano, pedindo a colaboración das universidades. Tamén se anunciou a introdución de mecanismos correctores das medias das distintas titulacións, ponderando polas medias



de cada titulación, así como cálculos específicos para o caso de titulacións doutros países.

c) O proxecto de Real Decreto de estudos de doutoramento está no Consello de Estado, agardándose que se publique cara finais de ano.

2. Aprobación, se proceder, das actas da sesión ordinaria do 4 de outubro e da sesión extraordinaria de 25 de outubro

Neste punto, o profesor Jordi Delgado solicita a modificación da acta do 4 de outubro, conforme ao correo electrónico de 16 de novembro enviado á Secretaría Xeral, para recoller mellor a súa intervención na quenda aberta de intervencións:

“1) Tal y como comenté en la sesión correspondiente, no tengo inconveniente en que las actas sean públicas pero me parece poco adecuado que el criterio de la Secretaria Xeral, por cambiar la persona del Secretario, sea objeto de cambios máxime cuando en sesiones anteriores se nos informou de que no era posible hacer publicas las actas íntegras de las sesiones del Consello de Goberno. Peor aún, por motivos obvios, es que se publique el borrador del acta sin que esta se haya aprobado conforme al vigente reglamento. Por ello deseo enfatizar -con la petición expresa de que así conste en el acta- que SOLICITÉ que: el criterio de publicación de actas de las sesiones del Consello fuera objeto de un acuerdo del propio Consello de Goberno y no una decisión unilateral del Secretario Xeral de turno.

2) En relación con el CITEEC, hice constar lo inaceptable de la situación de las obras de ampliación del citado edificio, estado sobre el que se ha solicitado información en diversas ocasiones (tal y como consta en las actas de las sesiones del Consello de Goberno) no habiéndose proporcionado el informe que en su momento se comprometió. A tal efecto SOLICITÉ que el citado informe se presentara ante el Consello de Goberno en su próxima sesión ordinaria.

3) En relación con los dos puntos anteriores, el Sr. Rector tuvo a bien indicar que tomaba nota de los ruegos efectuados”.

Pola súa parte, Xabier de Salvador engade tamén unha aclaración ao punto 4 (proposta de modificación do REX) da acta do 4 de outubro: *“A razón do meu voto en contra é, segundo manifestei na sesión do Consello, porque a táboa proposta (na columna C) incumpre reiteradamente o criterio xeral da normativa proposta que establece unha cota do 60% a cada sector de xénero”*.



Con estes engadidos, quedan aprobadas as actas do 4 de outubro e do 25 de outubro, e incorpórase coas correccións citadas a acta do 4 de outubro como [anexo III](#) da presente.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no [anexo IV](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (3), convenios específicos (20) e convenios para prácticas (27) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Prazas de profesorado do segundo cuadrimestre

O vicerreitor de Profesorado somete a aprobación o cadro de prazas dos mestrados universitarios para o segundo cuadrimestre, a maioría do mestrado de secundaria nos módulos específicos dos cinco itinerarios, cuxa docencia comeza o 10 de xaneiro.

Teresa González solicita a corrección da denominación do Mestrado de secundaria.

Apróbase por asentimento segundo figura no [anexo V](#).

Así mesmo, o vicerreitor somete a aprobación do Consello o cadro de prazas de PDI contratado sinalando un erro material na praza de Física Aplicada: debe dicir contratado doutor, en vez de axudante doutor.

Con estas correccións, apróbase e incorpórase no [anexo VI](#).

5. Prazas de PDI funcionario

Sométense a aprobación catro prazas de titular de universidade, que responden á acreditación de tres contratados doutores e a unha praza estrutural na área de Economía Aplicada, e incorpórase ao [anexo VII](#).

6. Tribunais de PDI funcionario

Apróbanse os tribunais para as prazas anteriores, conforme ao [anexo VIII](#).



7. Licenzas e permisos de PDI

Apróbase por asentimento o permiso solicitado por Ana González Neira, que se inclúe no [anexo IX](#).

8. Profesores honorarios

Apróbase o nomeamento de Manuel Alfonso de Amorín Domínguez (con corrección do erro material do cadro), e a renovación por outros dous anos de Francisco Blanco, conforme ao reflectido no [anexo X](#).

9. Venias docentes

Todas as solicitudes teñen informe favorable dos correspondentes departamentos.

Apróbanse por asentimento as venias docentes incluídas no [anexo XI](#).

10. Cambio de dedicación

Conforme á documentación achegada, pasan de dedicación P4 a P6 Marta Benítez e María José Pereira. Eva María Espiñeira pasa de P6 a tempo completo debido a unha baixa por enfermidade na área de coñecemento.

Apróbanse os cambios por asentimento, e incorpóranse ao [anexo XII](#).

11. Cambio de departamento

O punto retírase da orde do día, e o vicerreitor de Profesorado explica o motivo. A solicitude de cambio feita por Carlos Estévez Mengotti foi no seu día aprobada polo Consello de Goberno (2007), mais enviouse a autorización do Consejo de Coordinación Universitaria, quen dixo en xuño de 2010 que non era competente para os cambios de adscrición a áreas ou departamentos. O vicerreitor considera, por tanto, autorizado o cambio desde ese momento, sen que teña que volver tratarse en Consello de Goberno.

12. Adscrición funcional das materias de grao

O vicerreitor explica a proposta, que desenvolve, á vista da experiencia acumulada, a normativa do 17 de decembro de 2009 (elaboración dos



encargos docentes para os graos), para que os centros encarguen ás áreas de coñecemento a impartición das materias de grao.

Na quenda de intervencións, Jordi Delgado alégrase de que o vicerreitor sinalase o "trasfondo" económico da medida, que lle parece moi importante, porque hai que ser realista. Porén, sinala que, ao seu entender, os centros deben ter maior autonomía e maior peso para adoptar as propostas de adscrición funcional. Por último, o profesor Delgado apunta as derivacións da proposta para os efectos da representación e integración nas xuntas de centro.

O vicerreitor replica que o tema é complexo, mais non se pode entender que os recursos humanos sexan “do centro”, senón que a súa adscrición funcional é competencia do conxunto de órganos de goberno da Institución (COAP, mesa sindical, Vicerreitoría de Profesorado, Consello de Goberno), polo que insiste en que hai que ter visión de conxunto para planificar a xestión da institución no contexto de carestía en que nos movemos.

O profesor Primitivo pregunta que pasa coas materias de mestrados, e respóndelle o vicerreitor de Profesorado que primeiro deberá calibrarse o impacto dos novos criterios na adscrición das materias dos graos, e logo, unha vez que se comprobren os rendementos da norma, cumprirá valorar se se aplican criterios similares para a adscrición das materias dos mestrados ás distintas áreas de coñecemento. Mais non parece prudente facer os dous procesos de maneira simultánea.

O profesor Casabella cita os mestrados que só teñen 3 estudantes, e non deberían seguir estando na oferta docente da UDC.

Finalmente, a proposta apróbase por asentimento conforme figura no [anexo XIII](#).

13. Proposta de Regulamento de *spin-off*

Defende a proposta o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, indicando que o novo regulamento se debe a cambios derivados da normativa estatal (reais decretos, leis de economía sostible, da ciencia etc.) e á necesidade de estimular os mecanismos de colaboración entre a Universidade e a empresa.



Este asunto foi tratado no Consello Social e na Comisión de Investigación do 12 de novembro.

O profesor Jordi Delgado pregunta cantas empresas viables existen na UDC. O vicerreitor cita unha serie delas, as máis exitosas. Así mesmo, pregunta por como se articula a cesión de bens e medios desde a UDC ás EBT. O vicerreitor explica que este último punto é dos máis regulados na proposta de regulamento. Jordi Delgado pregunta se hai unha partida destinada a capital-risco e o vicerreitor contéstalle que, se ben non hai sociedade propia, participamos en Unirisco (interuniversitaria).

O profesor Pedro Nogueira solicita un esforzo de comunicación e transmisión da proposta para que a política sexa eficaz.

Felipe Fernández pregunta se hai algunha empresa participada no seu capital pola UDC. O vicerreitor contesta que non: a tendencia é achegar as patentes, valorándose economicamente como achega da UDC. Insiste Felipe na necesidade de facer un seguimento exhaustivo de todo o que se faga neste ámbito, en que estamos nas lindes entre o público e o privado.

Tras o debate, apróbase o regulamento por unanimidade segundo figura no [anexo XIV](#).

14. Plan de formación do PAS 2011-2013

Trátase do segundo plan de formación, que foi informado favorablemente pola Xunta de Persoal e polo Comité de Empresa.

Xosé Portela toma a palabra para indicar que con este Plan se perde unha grande oportunidade para introducir teleformación e cursos *on line*, especialmente para o persoal do campus de Ferrol. Igualmente, recalca a valoración negativa sobre o feito de ser fixo ou interino para acceder aos cursos. Na parte normativa hai, ao seu xuízo, unha evidente discriminación, pois entende que se hai un contratado, este debe ter acceso en condicións de igualdade á formación. De aí que o Comité de Empresa se reserve o posible recurso xudicial. Anuncia o seu voto en contra por este feito concreto, non por considerar que o resto do Plan sexa malo no seu conxunto.

Jordi Delgado bota en falta unha avaliación dos rendementos do anterior Plano. A xerente engade que o Plan anterior foi avaliado na correspondente memoria, que non se achega ao Consello de Goberno, pero que é coñecida



e valorada moi positivamente polos representantes dos traballadores de administración e servizos.

Respecto da intervención de Xosé Portela, a xerente indícalle que na Comisión de Formación ninguén fixo propostas de cursos *on line*. Respecto da discriminación respecto do persoal de Ferrol, indica que non existe, e nunca houbo problema de discriminación, pois sempre hai edicións dos cursos en Ferrol, e resérvanse postos nos cursos en Coruña. Respecto da suposta discriminación dos interinos, subliña que non existe, pois os interinos accederon sen ningún problema a todos os cursos formativos. Pide que se aclare se o voto do presidente do Comité de Empresa, ao ser negativo, significa un informe desfavorable. Portela aclara que o seu voto é negativo, mentres que o informe do Comité de Empresa é favorable.

Teresa González indica que a Xunta de Persoal apoia plenamente o Plan, e subliña que non hai ningunha discriminación aos interinos no Plan, senón que se establecen criterios obxectivos para a selección.

Felipe Fernández manifesta a súa satisfacción pola aprobación do segundo plan. Respecto da discriminación, razoa que non existe, pois os criterios de admisión obedecen a elementos obxectivos, baseados na antigüidade, e moi razoables, que son sinalados no art. 7.3.2, destinados a baremar as persoas que desexan asistir a cursos, en caso de que os cursos voluntarios teñan máis demanda que oferta.

O segundo plan de formación do PAS 2011-2013 apróbase co voto en contra de Xosé Portela segundo figura no [anexo XV](#).

Por razóns de axenda, o reitor auséntase do Consello de Goberno e pasa a exercer a presidencia da sesión o vicerreitor de Profesorado.

15. Modificación puntual da RPT: Facultade de Economía e Empresa

A xerenta explica os motivos da modificación, que é a entrada en vigor do Decreto 150/2010, do 16 de setembro (fusión da vella facultade e a vella escola). Para regular os postos do novo centro, aplícase o xa previsto na memoria elaborada con motivo da vixente RPT de 2008.

Conta co informe favorable da Xunta de Persoal. Corríxese un erro material na praza n.º 290 que debe constar, no apartado de observacións como de “*asuntos económicos*”.



O profesor Casabella lembra que está pendente a revisión da RPT de ETS de Arquitectura, pola gran carga de traballo existente. A xerente replica que non se está modificando a maiores a RPT, senón que se trata dunha reordenación de efectivos, xa pactada cos traballadores, con amortización dunha praza. Casabella pide que se faga un estudo das necesidades obxectivas do persoal no seu centro para un vindeiro Consello de Goberno.

A modificación puntual apróbase por unanimidade segundo figura no [anexo XVI](#).

16. Títulos propios de grao

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón as peticións de renovación e de novas peticións de títulos propios de grao, con informe favorable da Comisión de Estudos Propios.

O profesor Casabella solicita que conste en ocasións sucesivas o número de estudantes matriculados para dar ou non a renovación.

Apróbanse as peticións por unanimidade, conforme figuran no [anexo XVII](#).

17. Proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de ciencias da Comunicación

O secretario xeral toma a palabra para advertir dun erro que se produciu na elaboración do Regulamento, pois o informe da Asesoría Xurídica do 11 de novembro era favorable, mais onte detectouse que a composición da Xunta de Facultade non estaba adaptada ao artigo 31 (reformado en 2007) dos Estatutos da Universidade. O secretario xeral propón aprobar o regulamento, coa salvidade da corrección desa composición (artigo 7), por se dereito necesario.

Teresa González e Felipe Fernández piden a retirada do punto, pois repercute na representación do PAS nas comisións delegadas da Xunta de Facultade. Xosé Portela súmase á petición.

Jordi Delgado di que non ten inconveniente.

Ante esta situación, o secretario xeral retira o punto da orde do día e reenvíase ao centro para que se elaboren as correccións pertinentes.



18. Quenda aberta de intervencións

O profesor Casabella toma a palabra para queixarse de que non lle chegaron os datos da folga xeral do 29 de setembro na UDC. Reitera que se faga un catálogo dos títulos propios máis exhaustivo. Matrícula de 230 alumnos na ETS: unha matrícula moi alta.

Xosé Portela fai unha reflexión sobre os desequilibrios entre o crecemento do PDI e, en cambio, a ausencia de incrementos de prazas de PAS. Pregunta a que se vai destinar o 5% que se ía empregar para financiar a ampliación de prazas da RPT laboral. Contesta o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.

Pedro Nogueira solicita o máximo esforzo da UDC para negociar coa Xunta a harmonización do calendario universitario cos calendarios académicos de ensino medio, selectividade etc. Traslada a escasa capacidade operativa das Aulas Net pola ausencia de persoal. Pídelle ao vicerreitor de Profesorado, se for posible, que se defina o calendario, para os efectos de aplicar a nova normativa aprobada no punto 12.

Portela volve tomar a palabra para pedir que a paridade nas eleccións aos órganos colexiados se vaia trasladando a outros órganos (tribunais). Pregunta se a modificación das listaxes de agarda de PAS funcionario afecta a interinos laborais. Pregunta tamén por que non saen dúas prazas de xefatura de servizo ao concurso de PAS funcionario. Contesta o vicerreitor que nos tribunais de PDI xa se incorporou a paridade e está en vías de facerse igual nos tribunais de acceso de profesorado. A Xerencia di que a modificación das listaxes de agarda non afecta para nada ao PAS laboral, e engade que as prazas que saíron a concurso foron negociadas e informadas favorablemente pola Xunta de Persoal con toda a motivación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 h.